



ACOUGO



Todo nen@ merece
unha familia.




Todo nen@ merece
unha familia.

ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE ACOLLIDA


Todo nen@ merece
unha familia.



**ACOLLENDO O
ACOLLEMENTO FAMILIAR**



QUEN SOMOS?



A Asociación Galega de Familias de Acolida, ACOUGO, nace das necesidades dun grupo de familias que queremos involucrarnos en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público. Por isto acordamos asociarnos e así establecer un marco organizado e formal para colaborar e apoiar a Administración e a outras entidades integrantes no sistema formal que traballa en prol dos menores.

Unha das nosas prioridades é difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, comprometéndonos así co programa de sensibilización social e captación de posibles persoas e familias acolledoras.

Creemos firmemente, dende a nosa experiencia e coñecementos, que traballando co “interese superior da infancia” como lema, e acompañando dende a proximidade as novas familias acolledoras, poderemos crear un ambiente de confort e seguridade que favoreza que se estime o acollemento familiar como alternativa


QUÉ FACEMOS?



Os obxectivos dos nosos programas son chegar á sociedade a realidade das crianzas en situación de desprotección e, a partir de aí, tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

Difusión e sensibilización

Queremos xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia, chegar a realidade de nenas, nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven mais ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.



Formación sobre acollemento familiar


O noso obxectivo é capacitar ás persoas participantes de toda a CC.AA, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, dentro de cada nivel, e aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais, en materia de Acollemento familiar, e protección da infancia. No grao e nivel de especialización en función dos intereses de cada participante.



Servizo de apoio integral ó acollemento.

Dende ACOUGO ofrecemos o apoio ás familias acolledoras que están no inicio, desenvolvemento ou despedida do proceso de acollemento. Tamén queremos estar cerca daquelas persoas e familias que están á espera de emprender a viaxe do acollemento familiar.

QUE VOS PROPOÑEMOS AOS CENTROS EDUCATIVOS



20 DE NOVEMBRO
DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO NENO E A NENA

DÍA DO PIXAMA
19 DE NOVEMBRO

ACOLLEMENTO FAMILIAR
POLO DEREITO A MEDRAR EN FAMILIA

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.acougo.gal

COLABORAN:



QUE É O DÍA DO PIXAMA?

- Unha iniciativa que busca dar visibilidade á infancia e adolescencia baixo medidas de protección e ao acollemento familiar como a oportunidade destas crianzas de crecer en familia

CANDO É O DÍA DO PIXAMA?

- O día do pixama realízase este ano o día 19 de novembro (venres)


QUE SE FAI O DÍA DO PIXAMA?

Imos ao cole ou ao instituto en pixama, con chupetes, osiños de peluche ou mantas amorosas


Nun momento determinado que escolla o centro educativo, reunirémonos no patio e leremos un manifestó entregado días antes por ACOUGO

POR QUE?

O pixama simboliza o tempo en familia e a lectura do conto antes de durmir, un momento no que as crianzas e adolescentes síntense protexidas, arroupadas e seguras.



COMO COLABORAR

- **Organiza no teu centro educativo o Día do pixama, informando así tanto a familias como ás crianzas o que é un neno ou nena en protección.**
 - **Solicita en ACOUGO xornadas de información, tanto para crianzas como para familias, sobre o que é o acollemento familiar e as crianzas en protección. Dende ACOUGO enviaremos unha persoa do noso equipo profesional e realizaremos esta formación de xeito completamente GRATUÍTO**
 - **Organiza no teu centro educativo formación para profesorado e equipo directivo sobre o acollemento familiar. ACOUGO preparará unha formación axeitada ás vosas necesidades e o impartirá de xeito completamente GRATUÍTO a través do seu equipo de profesionais.**
-
- 

A TRAVÉS DESTAS INICIATIVAS CONSEGUIREMOS
ENTRE TOD@S MELLORAR A VIDA DAS CRIANZAS E
ADOLESCENTES ACOLLIDAS DOS NOSOS CENTROS
EDUCATIVOS



MOITAS GRAZAS DENDE ACOUGO

